



O Rexurdimento do Divino Sainete



O Rexurdimento do Divino Sainete

Producido por



Espectáculo apoiado por



DEPUTACIÓN
OURENSE



Concello de Celanova



Concello
de Pontevedra



Concello de AMES

Espectáculo financiado por



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

Espectáculo distribuido por







HISTORIA DA COMPAÑÍA

LaGriot'te é unha compañía galego-andaluza fundada e dirixida por o xestor cultural e director de escena Nazan L. Bamio e a actriz de teatro físico e directora de movemento Sandra Gade.

O nome da compañía non é trivial. A súa orixe resulta dunha homenaxe ás dinastías familiares de Griots existentes en África.

O Griot ou A Griot é a persoa encargada de manter viva a cultura e tradición do pobo ao que pertencen. Esta figura era a responsable de lembrar, e deste modo manter vivos, tódolos poemas, cancións, historias, lendas... que sucederan nun lugar. Un lixeiro esquecemento e o pobo quedaría ferido de por vida ao desprenderse da súa historia un anaco que lle pertencía.

Pese a que as homenaxes teñen algo de poético, no noso caso é decisión ideolóxica e política. A nosa razón de ser como compañía é a mesma que a existencia dos griots. Mergullarnos na memoria colectiva dun pasado remoto para traelo ao presente coa intención de relembra-lo como fomos para reflexionar como quen somos. Un teatro de memoria e popular (que teatro non é así) que mergulla naquela célebre frase de Jorge Agustín Nicolás Ruiz de Santayana y Borrás: "quen non coñece a súa historia está condenado a repetila".

Un teatro que non esquece para recordar as raíces do noso presente.

TRAXECTORIA

- Primeiro premio** por votación do público no FestelOff (Festival de Teatro Español en Londres)
- Terceiro premio** por votación do xurado no FestelOff (Festival de Teatro Español en Londres)
- Obra seleccionada no **Festival SURGE Madrid 2021**
- Residencia artística** en espazos escénicos no territorio nacional 2021 **INAEM**
- Actuacións** ao longo do panorama **nacional** e **internacional**: Andalucía, Comunidade de Madrid, Castilla y León, La Rioja, Extremadura, Londres.
- Axuda á creación AGADIC 2024.**



SINOPSE

Unha xograresa, LaGriot'te, desencantada co teatro.
Dous xornalistas á procura dunha exclusiva dun modo sensacionalista.
E o xuízo á vida de Manuel Curros Enríquez.

LaGriot'te, decidida a queimar o teatro para desfacerse das historias, vese sorprendida pola aparición de Curros cunha soa petición: acompañalo.

A nosa xograresa verase envolta nunha viaxe no tren dos Sete Pecados dirección Jacobusland, corte penal última da moralidade do Estado. En cada un dos vagóns un pecado capital é representado a través de persoas e situacións da vida de Curros.

Detrás deles, os Xornalistas, os perseguen retorcendo a realidade para conseguir unha boa historia no nome da verdade.

Un espectáculo visual, como os que caracterizan á compañía LaGriot'te, no que se traslada o universo creado por Curros para falar de intolerancia, extremismo, censura e autocensura, as guerras incivís que nos rodean, a corrupción, moral ou económica... e todo a través da ironía, a sátira e o humor.

Quizáis, o que dibuxou Curros na súa obra fai máis dun século, non dista tanto dos nosos días. Ou si?



CURROS ENRÍQUEZ

E A SÚA OBRA

Pouco habería que engadir sobre o noso poeta, unha das principais figuras da época chamada 'O Rexurdimento'.

Nado en Celanova firmou uns dos libros de poemas máis coñecidos: 'Aires da miña terra'. Pero a súa produción literaria abrangue outros coma: 'A virxe do cristal', 'Cartas del norte', 'El maestre de Santiago' ou 'O Divino Sainete'. Esta última obra e a versionada no noso proxecto xunto con outros textos do autor.

'O Divino Sainete' é un poema de carácter satírico publicado en 1888 que dende a súa primeira lectura atrapou a compañía, tanto polo seu estilo irónico á vez que poético, a imaxinación da narrativa e o reflexo punxente e actual da sociedade da súa época. Esta distancia temporal permitíanos reflexionar sobre os distintos temas dos que fala a obra.

A peza orixinal xeroulle a Curros moitos problemas ao sinalar a persoas do seu entorno ou comportamentos e actitudes que non comprendía. Pero este encontrón non foi o único que sufriu o noso vate ao longo da súa vida. A súa ética inquebrantable levoulle a ter moitos inimigos e vivir situacións moi desagradables que reflexamos na nosa peza.

Pola memoria do poeta civil.



POR QUE ESTA OBRA AGORA?

Un novo traballo de LaGriot'te con moito sentido para os tempos que corren. Unha peza coa que...

Coñecer a **TREPIDANTE VIDA DE MANUEL CURROS ENRÍQUEZ**, bardo galego e un dos grandes poetas civís.

DIALOGAR COA HISTORIA DE GALICIA do século XIX, momento clave da nosa lingua grazas ó Rexurdimento, **DENDE A NOSA ACTUALIDADE**.

Desfrutar de **MÚSICA EN DIRECTO** durante a función como nas outras pezas da compañía.

Facer un percorrido histórico e **COÑECER AOS PERSONAXES QUE MARCARON A VIDA DE CURROS** e a nosa historia.

Xogar coa **IMAXINACIÓN DO PÚBLICO**, a través dunha posta visual coidada e as interpretacións e coreografías das actrices.

Reflexionar sobre a utilidade da arte a través da personaxe de LaGriot'te. **UNHA OBRA DE AMOR Ó TEATRO E Á NOSA PROFESIÓN**.

E todo isto, sen perder a **IRONÍA, SÁTIRA E HUMOR** que caracterizaba a Curros e a nosa forma de traballo coma compañía.



POSTA EN ESCENA

Grazas a unha **imaxinativa posta en escena** os espectadores participarán dunha **viaxe en tren** percorrendo os 7 vagóns que o compoñen, descubrindo en cada un deles un **universo plástico cunhas características propias e diferentes**.

Cun traballo interpretativo excepcional **dúas actrices e un actor darán vida a 13 personaxes diferentes** ademais do propio Curros, representado cun **monicreque realista de corpo enteiro**.

As **pezas musicais compostas** especificamente para esta montaxe acaban de perfilar esta obra dinámica, divertida e sen complexos.

UNHAS VERBAS DENDE A FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ

Trátase dunha peza teatral **felizmente concibida e intelixentemente resolta** como proposta escénica, por ter sabido mesturar a obra poética máis crítica e polémica de Manuel Curros Enríquez (O Divino Sainete) coa propia e non menos polémica traxectoria biográfica do autor, **destacando a simbiose conseguida entre a representación da ficción literaria e o relato da realidade vivida**, propoñéndolle, ademais, un interesante esforzo ó espectador no sentido de xogar a descubrir cando se suceden unha e maila outra. E todo ilo sen que ficción poética e realismo humano se vexan traizoados nos seus contidos e mesmo sen que un e outro sexan abordados na súa globalidade, senón máis ben en pequenas pílulas que **excitan a necesidade de achegarse á obra literaria e á propia biografía do autor** e comprobar ó mesmo tempo e entender o contexto social, político e humano no que viviu Manuel Curros Enríquez.

Teatro moderno, de interpretación compartida entre tres actores e unha excelentemente manexada marioneta (Curros), que se multiplican en diversos personaxes segundo a esixencia de cada contexto e cunha escenografía sinxela pero moi versátil que facilita as transicións entre os distintos actos ou escenas que teñen lugar no ambiente ferroviario dos sete vagóns polos que devalan os sete pecados capitais (e a propia vida do autor como sufridor de practicamente todos eles) que constitúen o fío argumental da composición poética e, polo tanto da obra.

Antonio Piñeiro

Secretario da Fundación Curros Enríquez





EQUIPO

Dirección e versión Nazan L. Bamio

Intérpretes Sandra Gade
Celina Fernández Ponte
Marcos Grandal

Diseño de vestuario, iluminación e escenografía As dúas e punto

Composición musical Marcos Grandal

Construción monicreque Os monicreques de Kukas

Diseño gráfico Víctor Rivas

Estudo gravación Estudio Bonobo

Gravación vídeo Mirandavideo

Fotografía Jesús Sancho

Distribución Culturactiva

Producción Sandra Gade





NAZAN L. BAMIO



Licenciado en Dirección de escena e Dramaturxia pola **Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid** e titulado no máster que **Katie Mitchell** imparte na universidade Royal Holloway de Londres.

Complementa a súa formación con diversos obradoiros e masterclass impartidos por recoñecidas personalidades das artes escénicas nacionais e internacionais coma Carlota Ferrer, Sanchís Sinisterra, Marcelo Díaz, David Ojeda, Dick McCaw, Yana Ross ou

Plaines Plough entre outros. Tamén é **membro del "Directors Program" do teatro Young Vic de Londres.**

En aras de ampliar os seus coñecementos no sector e, á súa vez, movido por coñecer en profundidade o tecido do sector cultural, cursa o máster en xestión cultural (ICCMU) realizando as súas prácticas en Madferia e traballando en elmuro coma asistente de proxectos nos 'Premios Buero de teatro joven' do 2018 á 2019.

En 2016 funda a compañía Poseidón Teatro xunto con Luis Flor e Manuel Aguilar. Coma director de escena foi gañador de tres residencias artísticas: unha delas na Sala Bululú2120 co #ElCasting (Poseidón Teatro e Metidos en obras), que tivo un amplo percorrido en distintos teatros madrileños coma son o Teatro Quevedo e o Teatro Arlequín de Gran Vía; a segunda, na sala Guindalera dentro do programa "Plataforma de Proyectos" co Vete de mis sueños (Poseidón Teatro) xunto ao equipo formado por Luis Flor e Antonia Paso, que continuo o seu percorrido nos Teatros Luchana. E a terceira, outorgada polo INAEM para a creación da primeira peza da compañía LaGriot'te 'Jácara para un pícaro o la España negra'. Outras obras dirixidas nas salas madrileñas foron El vuelo de Edipo ou La mirada del Escorpión, ambas representadas na Sala Trovador de Madrid.

Na súa carreira tamén cabe destacar o seu traballo coma auxiliar de dirección e produción en 24 horas en la vida de una mujer dirixida por Ignacio García e protagonizada por Silvia Marsó con varias tempadas na carteleira madrileña e unha ampla xira nacional.

SANDRA GADE



Graduada en Danza Clásica polo Conservatorio profesional de Danza de Cádiz. En 2012 é licenciada en Interpretación Xestual pola Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid.

En 2013 recibe o Premio Jóvenes Creadores da Comunidade de Madrid coa función Totum Revolutum de La Bastilla Teatro.

Entre os traballos máis destacados da súa traxectoria podemos sinalar **#ElCasting**, coprodución de Poseidón Teatro e Metidos en obras, **gañadora do I programa de Residencias artísticas** da Sala Bululú 2120 de Madrid e con un amplo percorrido en distintos teatros madrileños como o Teatro Arlequín da Gran Vía de Madrid entre outros. En 2018 estrea **Desde la otra orilla, obra de idea orixinal propia**, producida por Lafinea Teatro, en Madrid cun **amplio percorrido a nivel nacional e internacional**. Con Poseidón Teatro volve a coincidir anos máis tarde coma actriz na obra Las pistolas no se disparan solas, seleccionada como proposta de estrea en SURGE Madrid 2022.

En 2020, **cofunda LaGriot'te**, que a pesar da súa curta traxectoria, coa súa obra primoxénita, Jácara para un pícaro o la España negra, **xa recibiu varios premios no Festival FestelOff** (Londres). Estreada en SURGE Madrid 2021 e gañadora dunha residencia artística do INAEM na Sala Tarambana.

Entre el 2021-2022 **gradúase nos seus estudos no International theatrical Biomechanics (Italia) co histórico mestre Gennadi N. Bogdanov.**

CELINA FERNÁNDEZ PONTE



Especialización en **Técnicas da Representación na Scuola Conia** dirixida por Claudia Castelluci (Premio Leone d'Argento-Biennale di Venezia 2020). **Egresada da ESAD de Galicia pola Especialidade de Interpretación Xestual**. Complementa a formación en interpretación na Universidade Jamu (República Checa). Combina os estudos cunha **ampla formación en técnicas do corpo e movemento** da man de: Nir de Volff (Total Brutal), The Farmer in the cave, Pierre Nadaud, Minako Seki, Hisako Horikawa, Syv Bruzeau, Mar Navarro, José Piris, Forced Entertainment...

Traballa como **axudante de produción** do novo espectáculo de A Panadaria, As que limpan, e coma **distribuidora de diferentes proxectos escénicos de compañías galegas**.

Coma actriz actúa co El Conde de Torrefiel ou Voadora entre outras. **Participou en coproducións para o Centro Dramático Galego, Centro Dramático Nacional e Teatro Español**. Residiu durante un ano no Centro Cultural Conde Duque Madrid baixo a mentoría da compañía internacional Sleepwalk Collective. Participa en Festivais Nacionais coma Noche Scratxe, MITFC ou a VIII edición do Cenit Sevilla. Participa con Inherente Teatro en Mulleres en Acción e o Festival 85c. É **directora artística do programa Acciona o rural** da Deputación de Pontevedra. Coma actriz atópase inmersa na produción de Run baby run para o Teatro Español.

MARCOS GRINDAL

Licénciase en Interpretación Textual pola ESAD de Galicia en 2023. Ten formación Profesional no Conservatorio Profesional Xan Viaño de Ferrol (Violoncello) e actualmente estuda Producción Musical no Instituto Galego de Música Avanzada (Vigo).

Forma Ancoraxe, xunto coa directora Sara Rey Seoane, coa que interpreta o monólogo Novecento de Alessandro Baricco. Con Vórtice Escénico actúa na montaxe Asfixia, dirixida por Roberto Mouriño para a que tamén diseña a sonoplastia. Fai tamén as **composicións sonoras** de Iphixenia na porta do súper de Compañía Humana e Miles Gloriosus do grupo de teatro Muxicas da ONCE.

Ten formación en **interpretación ante a cámara**, realizando cursos xunto con Alfonso Zarauza, en **técnica de clown**, facendo cursos con David Alonso, e en **producción teatral** asistindo a cursos con Jose Díaz. Algunhas das pezas realizadas durante a súa vida teatral son, Incendios de Wajdi Mouawad, Noite de Reis de W. Shakespeare e Amor de gato e amor de can de J. Poncela.

Por último, tamén fai a **composición sonora para cortos audiovisuais** como Conversa nas illas de Caride&Méndez, e, Doar é gañar, curta gañadora do concurso de curtametraxes do Servizo Galego de Saúde.



AS DÚAS E PUNTO

Conforman unha compañía de creadoras e deseñadoras escénicas (María Torres e Carmen Casal). **Graduadas pola Escola de Arte Dramático de Galicia**, alí coñécense no ano 2018, onde nace a conexión entre elas que les leva a xuntarse de forma profesional. **As dúas e punto nace co propósito de visibilizar o traballo das escenógrafas e creadoras no sector.**

Galardonadas dous anos seguidos no Xuventude Crea coas pezas Agro 5G, da compañía Mevadeus (2021) e Asfixia, de Vórtice escénico (2022).

A súa experiencia laboral está composta por unha serie de traballos na plástica escénica como son: o **deseño de escenografía, iluminación e vestuario** en

Outras nós, de Mevadeus; deseño de escenografía en A Nai, de Amorodio; deseño de espazo e iluminación en Iphixenia na porta do súper, da Compañía Humana; deseño e **construción de máscaras** na peza infantil O rapto da befana, un texto orixinal de Paula Carballeira; deseño do espazo e vestuario de Revolta, da compañía Juanito e Filomena; asistencia de escenografía e iluminación de Lerele, de Bala Perdida; deseñadoras do espazo escénico e vestuario da obra Asfixia de Vórtice escénico, co-deseñadoras de iluminación na peza musical Eu Fraude, de Paula Pier, ou o deseño da escenografía da presentación do disco Ardén, de Mondra.



MARCELINO DE SANTIAGO

Graduado en Artes Aplicadas e Oficios Artísticos. Curso de **escenografía teatral** impartido por Francisco Nieva. Cursos de construción e posta en escena con marionetas impartidos por Francisco Peralta del Amo. Curso de dirección escénica impartido por Jiri Járos do Teatro Nacional de marionetas de Praga. Mestre Artesán en escenografía e carteis.

Durante a súa carreira, **obtivo numerosos premios** como o Premio **Galicreques 2021**, Premio da **Crítica de Galicia das artes escénicas 2020**, Premio da **Cultura Galega das Artes Escénicas 2019**, Premio **Xiria** ao Labor Teatral 2019, Premio de **Honra de Titiricuenca** polo seu 40 Aniversario (2019), Premios **OH Teatro de Asturias** á mellor escenografía e mellor espectáculo por Nora, a nena de sal (2012). Finalista **Premios Max** ó mellor



espectáculo revelación por Nora, a nena de sal (2012), **María Casares** á mellor escenografía por Un cranio furado (2011), Premio **Compostela de Teatro** á mellor Escenografía por Saxo Tenor (1993).

Durante os seus máis de 45 anos en activo traballou co CDG, Real Filharmonía de Galicia, Teatro de aquí, Sarabela Teatro, Teatro do Atlántico, Espello Cóncavo, TVG, Factoría Norte, Producións Excéntricas, Teatro Guirigais, Culturactiva, Mala Sombra e Monicreques de Kukas.













O Rexurdimento do Divino Sante

DISTRIBUCIÓN



info@culturactiva.org

981 58 28 36

VÍDEO



FOTOS



TEASER



[LaGriot'te](https://www.facebook.com/LaGriot'te)

www.lagriotte.es
producciones@lagriotte.es
658 689282 / 675 421 636



[@lagriot_te](https://www.instagram.com/@lagriot_te)